

Orde do 1 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento en servizos sociais especializados na área de atención a persoas con discapacidade e se procede á súa convocatoria.

ORGANISMO

Consellería de Traballo e Benestar

BENEFICIARIOS

Entidades de iniciativa social que, de conformidade coa Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que levan a cabo programas e prestan servizos sociais especializados na área de atención ás persoas con discapacidade, atendendo aos diferentes tipos e graos.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Son gastos subvencionables os de investimento destinados a centros ou equipamentos de atención de persoas con discapacidade:

- a) Construción, ampliación, reforma e mellora dos inmobles en xeral.
- b) Adaptación dos edificios ás condicións de accesibilidade establecidas na Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 166, do 29 de agosto) e no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, que a desenvolve (DOG nº 41, do 29 de febreiro).
- c) Adquisición e instalación de equipamento e moblaxe.
- d) Adquisición de inmobles.
- e) Adquisición e adaptación de vehículos de transporte.
- f) Melloras de confortabilidade que non requiran autorización municipal.

CONTÍA

O importe da subvención que se conceda poderá alcanzar como máximo o 75% do orzamento presentado, agás no caso de subvencións para construción de obra nova, que poderá alcanzar un máximo do 80% do orzamento. A subvención reducirase proporcionalmente cando non se xustifique a totalidade do gasto orzado na solicitude.

Estas axudas serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen que o seu importe poida superar o importe total do gasto efectuado.

PRAZO

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde.